



## SOLICITUDE DE PRAZA PARA O COMEDOR ESCOLAR CURSO 2016/17

Os/as interesados/as en utilizar o servizo de comedor escolar para o curso 2016/17 deberán cubrir:

1. **Solicitud de utilización do servizo de comedor escolar para o ano académico 2016/17.**
2. **Anexo II Modelo de autodeclaración e especificacións.** Esta declaración non será necesaria nos seguintes supostos:
  - Alumnado en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais.
  - Alumnado en situación de acollemento residencial ou familiar.
  - Alumnado cun grado de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%.
  - Alumnado pertencente a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.

**Nestes casos deberase presentar a documentación acreditativa correspondente.**

En caso de non autorizar expresamente á Consellería a consultar os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que se precisen, achegarase unha copia do documento acreditativo da declaración do IRPF ou da certificación da Axencia Tributaria de ingresos da persoa que non presentase a declaración do IRPF, correspondentes en ambos casos á renda neta per cápita familiar do **exercicio fiscal 2015**.

PRAZOS	
<b>Do 1 de xullo ao 9 de setembro de 2016</b>	Entrega da documentación na Secretaría do centro.
<b>12 de setembro de 2016</b>	Publicación da listaxe provisional de admitidos/as.
<b>Do 13 ao 19 de setembro de 2016</b>	Prazo de alegacións.
<b>20 de setembro de 2016</b>	Publicación da listaxe definitiva de admitidos/as.

A orde de preferencia, no caso de existir máis solicitudes que prazas autorizadas, será:

- Alumnado usuario do servizo de comedor no curso anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.



- Alumnado usuario lexítimo do servizo de transporte escolar, nos termos establecidos na Instrución 3/2015, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso 2016-2017.
- Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais.
- Alumnado membro de familias numerosas, acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto.
- Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais.
- Outro alumnado do centro. Neste suposto atópanse os escolarizados voluntariamente fóra da área de influencia que lles corresponde.

## INSTRUCCIÓNS PARA CUBRIR CORRECTAMENTE O ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN

### · Concepto de unidade familiar

NO CASO DE MATRIMONIO	EN AUSENCIA DE MATRIMONIO OU EN CASO DE SEPARACIÓN LEGAL
Cónxuxes + fillos menores + fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente que convivan co solicitante.	Pai ou nai solicitante + fillos menores que convivan co solicitante + fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente que convivan co solicitante.

A maioría de idade acádase ao cumprir 18 anos.

### POLO TANTO:

- Calquera outra agrupación familiar non constitúe unidade familiar.
- Ninguén pode formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.
- O número de membros da unidade familiar realízase atendendo á situación existente o día 31 de decembro do 2015. Polo tanto, se un fillo cumprira 18 anos durante o ano, xa non formará parte da unidade familiar. Tampouco formará parte da unidade familiar o membro que falecera durante ese período.
- Nas parellas de feito só un dos seus membros (pai ou nai) poden formar unidade familiar cos fillos. O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida.



## **Renda neta per cápita familiar (en base ao exercicio fiscal 2015)**

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro.
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

**Casiña 380 + casiña 395 – casiña 532**

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

Sumarase as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar.

Se solicitado o borrador á AEAT esta unicamente comunica os datos fiscais, e polo tanto non o remite, para determinar a renda dos membros computables que obteñan ingresos propios seguirase o procedemento arriba descrito e restaranse os gastos deducibles e as retencións ou pagamentos á conta efectuados.

### **ACLARACIÓNS:**

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. O importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, que se obterán de cada declaración individual ou da declaración conxunta.
- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar declaración: a obtención do importe da renda resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro que presentara declaración do IRPF máis o importe que resulte, para o outro integrante, dos datos do borrador do IRPF agás os datos que figuren na casiña 532 correspondente á cuota resultante da autoliquidación. Se un dos membros en vez de borrador dispón dun certificado de imputación de rendas, sumarase os rendementos íntegros e restarase os gastos deducibles e as retencións ou pagamentos a conta efectuados.
- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan obriga de presentar declaración ou cando non perciban renda ningunha suxeita a tributación: deberase consignar os datos do borrador do IRPF ou no seu caso os datos que figuren no certificado de imputación de rendas do mesmo xeito que o especificado no apartado anterior.

A Consellería pon a disposición das familias unha aplicación para facilitar o cálculo en función da renda neta per cápita da unidade familiar e do número de menores en idade escolar no enderezo [www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp](http://www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp)